A Secretaría Xeral de Telecomunicacións e para a Sociedade de Información, pertencente ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, modificou a asignación inicial das canles radioeléctricas previstas para a difusión dos múltiples estatais 67 e 69 de Televisión Dixital Terrestre (TDT) nos Centros de A Gudiña e Monterrei (Ourense). Por tal motivo, o operador público Retegal axustará, na xornada de hoxe, os equipos dos centros referidos conforme á nova planificación, sendo as novas canles de emisión a 35 e 38 respectivamente.

No caso de Monterrei ao ser un Centro cuxo sinal primario depende do Centro Emisor de Castrelo do Val, producirase un corte de servizo nas referidas canles dende a madrugada ata mediodía do día de hoxe, 14 de outubro.

No caso de instalacións de recepción con amplificadores de banda ancha para recibir as novas canles será suficiente con re-sintonizar os receptores; en caso de instalacións colectivas con amplificadores sintonizados, será preciso verificar que estes son compatibles cas novas canles de emisión. Para máis información poden poñerse en contacto coa Oficina Técnica da TDT de Galicia, no teléfono: 981-572154